

## C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	EDUCACIÓN MUSICAL	Páx.	
Curso / Ciclo	6º NIVEL		
Profesor/a	ISABEL FERNÁNDEZ HERMIDA		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)	
<p><b><u>1ª Avaliación:</u></b></p> <p>Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.</p> <p>Identificación das cualidades dos sons do contexto.</p> <p>Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras.</p> <p>Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras.</p> <p>Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.</p> <p>Utilización das grafías convencionais na lectura, na escrita e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.</p>	<p><b><u>2ª Avaliación:</u></b></p> <p>Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, especialmente a galega.</p> <p>Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras.</p> <p>Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.</p> <p>Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.</p> <p>Invenção de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.</p> <p>Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo) instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.</p> <p>Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.</p> <p>Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.</p> <p>Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistro da voz.</p> <p>Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou a varias voces, desenrolando progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.</p> <p>Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.</p>
<p><b><u>3ª Avaliación:</u></b></p> <p>Identificación e apreciación das formas musicais sinxelas.</p> <p>Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.</p> <p>Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.</p> <p>Utilización dos medios de comunicación e de internet para a busca de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.</p> <p>Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.</p> <p>Interpretación de pezas con instrumentos de aula y/o frauta doce.</p> <p>Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.</p> <p>Utilización dos medios audiovisuais e os recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.</p>	

## C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

<p>Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.</p> <p>Valoración e recoñecemento de danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.</p> <p>Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.</p> <p>Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, especialmente a galega.</p> <p>Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.</p> <p>Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.</p> <p>Participación no xogo da nota musical.</p>	
OBXECTIVOS	
<ul style="list-style-type: none"><li>• Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.</li><li>• Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</li><li>• Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as aportacións das demais persoas como á persoa que asuma a dirección.</li><li>• Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e de respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.</li><li>• Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. Valorar a súa aportación ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.</li><li>• Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.</li><li>• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</li></ul>	

## C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

### METODOLOXÍA

O que se propón é un itinerario que estimule unha evolución dende o xogo hacia plantexamentos máis reflexivos e operativos.

As principais características desta metodoloxía son:

**Significativa, globalizadora, lúdica, gradual, imaxinativa e creativa.**

### CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Levarase a cabo a avaliación a través de xogos musicais, cancións, danzas, dramatizacións, interpretación coa fruta..., mediante observación directa.

#### CRITERIOS:

B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.

B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.

B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e de respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.

B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.

B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as aportacións das demais persoas como á persoa que asuma a dirección.

B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. Valorar a súa aportación ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.